



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de marzo de 2021

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cincuenta e cinco minutos do día un de marzo de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(145).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(146).- CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO PROCEDIMIENTO ABERTO MIXTO DE SERVIZOS E OBRA, DO MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 641/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 01/03/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, a titular de Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público
- RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 28 de xaneiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO CONCELLO DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 15.01.2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.01.2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “OITO MILLÓNS CATROCENTOS MIL EUROS” (8.400.000,00€), sendo o importe correspondente ao IVE de 1.457.851,24 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532 210 00 01 (Contrato de mantemento de viais e espazos públicos), de acordo coas seguintes anualidades:



Concello de Vigo

2021	1.400.000,00 €
2022	2.100.000,00 €
2023	2.100.000,00 €
2024	2.100.000,00 €
2025	700.000,00 €
TOTAL	8.400.000,00 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

II.- O anuncio de licitación enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea o 1 de febreiro de 2021 e publicouse no perfil de contratante o 9 de febreiro de 2021.

III.- Detectado erro na correspondencia dos contidos dos apartados da “MEMORIA TÉCNICA DE EXECUCIÓN DAS PRESTACIÓNS DERIVADAS DO CONTRATO” recollida no Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), apartado 6A.1, que se reproduce a continuación:

“Comprenderá os seguintes apartados:

- a) A descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución das prestacións derivadas do contrato:** *deberá desenvolver os procedementos de execución dos traballos nos que se especifique os sistemas e operativa que utilizan para cada tipo de traballo.*
- b) Descrición da organización para o mantemento da operatividade e seguridade no contorno das actuacións:** *deberá definir as necesidades, volume, composición e organización do stock de materiais e a proposta de implantación de instalacións de almacenaxe de materiais e a xustificación da adaptación destas ás necesidades das actuacións.*
- c) Descrición e relación dos medios materiais e instalacións propostos para o desenvolvemento das prestacións derivadas deste contrato:** *deberá describir os equipos materiais e humanos adscritos ás diferentes actividades indicando os rendementos propostos e xustificando a coherencia da proposta realizada.*
- d) Descrición da organización e medios humanos e maquinaria destinados a execución dos servizos derivados do presente contrato:** *deberá desenvolver o plan de acción para a coordinación da operatividade no contorno no relativo a servizos, accesos e desvíos de tráfico e valados para o mantemento da seguridade do contorno das actuacións”.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da potestade de corrixir de oficio os erros materiais ou aritméticos

A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa advírtese un erro ao reproducir o contido dos apartados do criterio recollido no apartado 6A.1 “MEMORIA TÉCNICA DE EXECUCIÓN DAS PRESTACIÓNS DERIVADAS DO CONTRATO” do PCAP, pois resulta intercambiado o contido dalgún dos apartados. Segundo o previsto na memoria xustificativa a correspondencia dos apartados e os contidos é a seguinte:

“1.- A descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución das prestacións derivadas do presente contrato.

Se valorará ata un máximo de **20 puntos** e deberá desenvolver os procedementos de execución dos traballos nos que se especifique os sistemas e operativa que utilizan para cada tipo de traballo.

2.- Descrición da organización para o mantemento da operatividade e seguridade no contorno das actuacións.

Se valorará ata un máximo de **15 puntos** e deberá desenvolver o plan de acción para a coordinación da operatividade no contorno no relativo a servizos, accesos e desvíos de tráfico e valados para o mantemento da seguridade do entorno das actuacións.

3.- Descrición e relación dos medios materias e instalacións propostos para o desenvolvemento das prestacións derivadas do presente contrato.

Se valorará ata un máximo de **10 puntos** e deberá definir as necesidades, volume, composición e organización do stock de materiais e a proposta de implantación de instalacións de almacenaxe de materiais e a xustificación da adaptación destas as necesidades das actuacións.

4.- Descrición da organización e medios humanos e maquinaria destinados a execución das prestacións derivadas do presente contrato.

Se valorará ata un máximo de **10 puntos** e deberá describir os equipos materiais e humanos adscritos as diferentes actividades indicando os rendementos propostos, xustificando a coherencia da proposta realizada”.

-II-

Da ampliación dos prazos de presentación de ofertas

O artigo 136.2 da LCSP establece a obriga dos órganos de contratación de ampliar o prazo inicial de presentación de ofertas en dous supostos:



Concello de Vigo

- Cando por calquera razón os servizos dependentes do órgano de contratación non atendesen o requirimento de información que o interesado formulase coa debida antelación consonte ó previsto no artigo 138 da LCSP.
- No caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación.

E determina que se considera modificación significativa dos pregos. Esta será a que afecte os seguintes extremos:

- A clasificación requirida
- O importe e o prazo do contrato
- As obrigacións do adxudicatario
- O cambio ou a variación do obxecto do contrato

E con relación coa duración da prórroga determina que esta será proporcional á importancia da información solicitada polo interesado.

No caso que nos ocupa o erro material que determina a modificación do prego de cláusulas administrativas particulares non é significativa, polo que non sería preciso ampliar o prazo de presentación de ofertas. No entanto, e en aras da seguridade xurídica, dado que o prazo de presentación de ofertas remata o 2 de marzo, parece preferible ampliar o prazo de presentación de ofertas en 7 días.

-III-

Competencia

A competencia para aprobar a corrección de erros correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

ACORDO

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Rectificar o apartado 6A.1 “MEMORIA TÉCNICA DE EXECUCIÓN DAS PRESTACIÓNS DERIVADAS DO CONTRATO” do prego de cláusulas administrativas particulares que quedará redactado como segue:

“A.1.- MEMORIA TÉCNICA DE EXECUCIÓN DAS PRESTACIÓNS DERIVADAS DO CONTRATO:

Comprenderá os seguintes apartados:

- a) *A descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución das prestacións derivadas do contrato: deberá desenvolver os procedementos de execución dos traballos nos que se especifique os sistemas e operativa que utilizan para cada tipo de traballo.*
- b) *Descrición da organización para o mantemento da operatividade e seguridade no contorno das actuacións: **deberá desenvolver o plan de acción para a coordinación da operatividade no contorno no relativo a servizos, accesos e desvíos de tráfico e valados para o mantemento da seguridade do entorno das actuacións***
- c) *Descrición e relación dos medios materiais e instalacións propostos para o desenvolvemento das prestacións derivadas deste contrato: **deberá definir as necesidades, volume, composición e organización do stock de materiais e a proposta de implantación de instalacións de almacenaxe de materiais e a xustificación da adaptación destas as necesidades das actuacións.***
- d) *Descrición da organización e medios humanos e maquinaria destinados a execución dos servizos derivados do presente contrato: **deberá describir os equipos materiais e humanos adscritos as diferentes actividades indicando os rendementos propostos, xustificando a coherencia da proposta realizada**”.*

3º.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas en 7 días.

4º.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e, no suposto de que se tivera presentado algunha oferta requirirase aos licitadores para que manifesten se manteñen a oferta presentada ou a retiran para presentar unha nova”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas . Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez